

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### SANXENXO

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

##### *DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

A Corporación Municipal en Pleno deste concello, na sesión extraordinaria do día 23 de xuño de 2023, en relación á “PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL” (EXPTE. 4822/2023) adoptou por unanimidade dos membros de dereito da Corporación o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: A) Delegar na Xunta de Goberno Local do Concello de Sanxenxo a competencia plenaria para o outorgamento de concesións e autorizacións de postos de venda nos mercados municipais por un período superior a catro anos, así como a competencia para instruír e resolver os expedientes sancionadores nos que se contemple como sanción a rescisión da concesión de aqueles postos do mercado que teñan un período de concesión superior a catro anos.

B) Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia plenaria para a recuperación das concesións dos postos dos mercados municipais de abastos cando se solicite a autorización do traspaso dos mesmos.

C) Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia plenaria para autorización de cambios de titularidade das concesións demaniais dos postos fixos dos mercados municipais de abastos.

SEGUNDO: delegar na Xunta de Goberno Local, nos termos do artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, en harmonía co previsto no artigo 47.1 do R.D. Legislativo 2/2004, a competencia para o establecemento e modificación dos prezos públicos.

TERCEIRO: expresamente confírese, en virtude desta delegación, á Xunta de Goberno Local a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse contra os actos ditados polo órgano delegado no ámbito competencial da delegación outorgada nos puntos primeiro e segundo deste acordo.

CUARTO: publicar este acordo no BOP da provincia e dar conta do mesmo á Xunta de Goberno Local.”

